



## Fichas divulgativas pagamentos directos

## FICHA 2c / DP

## Importe mínimo dos pagamentos

### NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 6).

### DEFINICIÓNS RELACIONADAS

**Penalización:** consecuencia derivada do incumprimento das condicións, dos compromisos e das obrigas regulamentariamente establecidas relativas á concesión das axudas.

**Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos** (art. 102)

### NORMAS XERAIS

Non se concederán pagamentos directos aos agricultores cuxo importe total, antes de aplicar as penalizacións administrativas por incumprimento dos criterios de admisibilidade relativos á concesión da axuda, sexa inferior a:

- a) 100 € para 2015
- b) 200 € para 2016
- c) 300 € a partir de 2017

**Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos** (art. 6)